(hasta el año 2022) de 126.941,90 €, calculado de acuerdo con los tipos de interés de los últimos vencimientos, ya que el tipo aplicable a la operación vigente es en estos momentos del 4,232%, mientras que el tipo que resultaría aplicable a la operación proyectada sería el 1,15%, lo que supone una importante economía de recursos públicos.

Por todo ello, de conformidad con lo establecido en los artículos 52 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, artículos 22.2 y 47.2 de la Ley 7/1985, de Bases de Régimen Local, y el artículo 3 del Real Decreto-Ley 8/2014, de 4 de julio, de aprobación de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

**Séptimo.-** El órgano competente para a adopción deste acordo corresponde ao Pleno, de acordo co artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

En virtude do exposto, **PROPOÑO AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMERO:** Aprobar la concertación de una operación de refinanciación por importe de 998.501,32 € con la entidad BBVA con las condiciones y características fijadas en el artículo 3 del Real Decreto-Ley 8/2014, de 4 de julio, y en la oferta presentada por dicha entidad el 7 de agosto de 2014, y que se detallan a continuación:

1. Tipo de interés:.....EURIBOR a 3 meses + 0,98
2. Carencia:.....Hasta agosto 2015
3. Liquidación de intereses:.....Trimestral
4. Periodos de amortización:.....Trimestral
5. Plazo:.....Desde el 29/08/2015 hasta el 29/05/2022
6. Sistema de amortización:.....Cuota de amortización constante
7. Garantías:.....Sin garantía en la Participación en Tributos del Estado
8. Comisiones:.....Exento. De forma expresa: estudio, apertura, amortización parcial o total.

Esta operación estará destinada íntegramente a la cancelación del préstamo del mismo importe formalizado el 21 de mayo de 2012 entre el Concello de Rianxo y el Fondo para la Financiación del Pago a Proveedores.

**SEGUNDO:** Solicitar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la autorización previa para la concertación de dicha operación de refinanciación mencionada en el punto primero

**TERCERO:** Habilitar al alcalde para realizar los trámites oportunos para dar cumplimiento al presente acuerdo.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do dia 23/12/2014, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Durán, di que van a apoiar a solicitude de autorización porque servira para mellorar as condicións de refinanciamento.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que cásalle lecía que o Partido Popular aprobase esta proposta cando no punto anterior - ao que está vinculado- votaron en contra.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Durán, pide intervir para replicarle que, en tanto agora xa o aprobou o goberno municipal, por iso o apoian, para obter a autorización.

O yoceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, fai saber a boa

oferta que recibiron do BBVA, a mellor economicamente, Euribor + 0,98 de diferencial, que é unha inmellorable noticia para as arcas municipais.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns manifesta o seu acordo porque permite pagar aos provedores por unha diferencia favorecedora para o concello – fronte a anterior- que resultou da invitación lanzada a varias entidades financeiras.

O alcalde di que tras invitar ás entidades da praza e dúas mais, presentáronse 4 e delas a do BBVA foi a mellor con diferencia, sobre todo sobre o custe actual que estaba sobre o 4%.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos presentes con 13 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE e 4 dos membros do PP), cero abstencións e cero votos en contra dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto coa MAIORIA ABSOLUTA esixida polo artigo 47 da lei 7/1985, en tanto operación de crédito por importe superior ao 10% dos recursos ordinarios.

*Sendo as 20:39 horas abandona a sesión o concelleiro do PSOE D. Joaquín Domínguez Salgado.*

## **8.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

### **8.1.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL 8/2014.-**

#### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde expón a necesidade de ratificar a urxencia porque tratase de catro facturas que quedaron fora do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2014 traído a este pleno e que considera bo que se traian xa a aprobación, posto que está tramitado e informado. Pídelle á interventora se hai algunha aclaración que fora convívite mencionar para o coñecemento dos concelleiros.

A interventora Patricia Fernández Pérez da unha explicación sobre a factura de fondos bibliográficos.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

#### B) PASASE A TRATAR O TEXTO

O alcalde lee a moción:

<<Vistas as facturas incluídas na relación F/2014/53 que ascendan a 3.430,46 € que se relacionan a continuación, corresponde iniciar a súa tramitación para a aprobación e pagamento:

As facturas relacionadas refírense a prestacións realizadas no exercicio 2013, mentres que as facturas rexistráronse de entrada neste ano:

Data entrada	Nº entrada	Data doc	Nº doc	Nome	Terceiro	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
--------------	------------	----------	--------	------	----------	-------------------	------	------	---------------

09/09/14	F/2014/3218	04/02/13	04 6	Ir Indo Edicións, S.L.	B36636413	3 LIBROS NO MARCO DOS ACTOS CASTELAO 2013	332	62902	300,40
17/03/14	F/2014/3246	11/03/14	FE14321143 112569	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	946,10
17/03/14	F/2014/3247	11/03/14	FE14321143 112570	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	1.095,67
17/03/14	F/2014/3248	11/03/14	FE14321143 112568	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	1.088,29
<b>Total</b>									<b>3.430,46</b>

O 29/12/2014 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable pola omisión do requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da realización do gasto.

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes.

A competencia para a aprobación deste expediente corresponde ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento.

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

**Primeiro:** Resolución e levantamento do reparo suspensivo feito pola Intervención deste Concello e continuar coa tramitación do expediente de aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obrigas correspondentes aos gastos relacionados:

Data entrada	Nº entrada	Data doc	Nº doc	Nome	Terceiro	Texto Explicativo	Prog	Econ	Importe Total
09/09/14	F/2014/3218	04/02/13	04 6	Ir Indo Edicións, S.L.	B36636413	3 LIBROS NO MARCO DOS ACTOS CASTELAO 2013	332	62902	300,40
17/03/14	F/2014/3246	11/03/14	FE14321143 112569	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	946,10
17/03/14	F/2014/3247	11/03/14	FE14321143 112570	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	1.095,67
17/03/14	F/2014/3248	11/03/14	FE14321143 112568	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	A08431090	ALUMEADO BOMBEOS. RIAL. MARZO 2014	161	22100	1.088,29
<b>Total</b>									<b>3.430,46</b>

**Segundo:** Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas mediante recoñecemento extrajudicial 8/2014, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Duran, di que queren ver o informe de intervención, mais se van abster ante a premura e descoñecemento do expediente.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, vota a favor cara a aprobar e abonar ditas facturas, xa que son servizos prestados.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns vota a favor polo mesmo motivo.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) e 4 abstencións (4 dos membros do PP) e cero votos en contra dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **8.2.- MOCION DO BNG SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN S DE ADHESIÓN A SOGAMA.**

### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia polas consecuencias da Resolución do 15/12/2014 adoptada polo goberno autonómico.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a “*Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos*”.

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumple os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución recoñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacóns entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA.

E estas novas condición realizanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria “expres” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requerimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta deberá estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

#### Acordo

1.- Interpor recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.

2.- Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.

3.- Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Durán, manifesta que votarán en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que xa fai uns meses que por medio dunha moción demandabamos a posta en marcha dunha Mesa de negociación para o estudo dos custos reais do tratamento de residuos. Entendímos que o incremento proposto do 34% xeneraría beneficios imprudentes inxustificados. Parece que estábase no certo cando agora se anuncia unha reducción do 10% sobre o incremento anunciado. Tamén urxiámos unha auditoría externa sobre a xestión e informe sobre os resultados, non debemos esquecer que o 49% pertence a Unión Fenosa. En todo caso, demandábamos que o incremento fora asumido integralmente polo goberno autonómico, sen repercusión ningunha nas transferencias aos concellos.

Continúa dicindo que, sen embargo, a fórmula pola que opta a Xunta de Galicia é a de "ordena e mando" sen ningún tipo de dialogo coa FEGAMP cando a xestión dos residuos municipais exerce en cooperación coas entidades locais. Por iso, a pesar de que o Concello de Rianxo está a negociar a entrada na mancomunidad Serra do Barbanza, están de acordo en apoiar a moción por considerar abusiva a actuación unilateral da Xunta de Galicia, adoptada por imposición a autonomía municipal.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns apoia a moción.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), e cero abstencións dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

### 8.3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.-

#### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia da moción na necesidade de dispoñer canto antes dunha tarifa que se corresponda coa nosa produción.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por**

**unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratégico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a producción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construcción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	<i>O INEGA aínda non publicou os datos</i>

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que sublinhar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapenínsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que imponfan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade más cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa más baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras más caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestiós. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería más xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da más cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estable. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos más baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

#### Acordo

**Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.>>**

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Duran, di que van a absterse neste asunto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que comparte a necesidade de rebaixar o prezo final da tarifa eléctrica, porque non están de acordo coa reforma eléctrica efectuada. A electricidade é un ben básico para a calidade de vida das persoas e o desenvolvemento económico e non un campo de especulacións e beneficios abusivos para as empresas do sector.

Sen embargo, non está conforme coa solución que propón a moción xa que se ben neste tema Galicia é excedentaria non van a apoiar esta proposta porque iría en contra da solidaridade interterritorial; lembra que noutrous aspectos a Comunicade Autónoma Galega é deficitaria (pon de exemplo as pensións da seguridade social en Galicia que superan a nosa contribución con salarios e cotizacións). A proposta que defendería pasa por buscar compensacións económicas como productores de enerxía que é Galicia, a través dos orzamentos do Estado polos afeccións que conleva a produción enerxética: custos sociais e medioambientais. Polo exposto, vanse a abster.

O alcalde di que van a apoiar a moción porque tampouco entende porque en materia de pensións non hai un factor corrector, pensa que de igual xeito que os galegos soportan os custos do investimento tamén deberían beneficiarse.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 5 votos a favor (os 5 dos membros do BNG) abstencións 3 (os 3 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **8.4.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓN DE ESTADOS ESTRANXEIROS-**

## A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia da moción no requerimento que actualmente se está a facer pola axencia estatal tributaria a veciños retornados.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez querémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron miles as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirementos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados/as a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal prevista para 2015 dun “proceso de regularización” dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. Por iso non se pode consentir que se lle dea unha solución simplemente cosmética ás xuntas demandas deste colectivo coa Axencia Tributaria por atopármonos nas vésperas dun ano de importantes envites electorais. Son imprescindíbeis medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolto unha parte da súa vida laboral no estranxeiro.

Por iso o grupo municipal do BNG deste concello, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

### ACORDO

#### 1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urgente das seguintes medidas:

- a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.
- b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditárlas na tributación destas pensións.
- c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición.
- d) Revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir.

#### 2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria, asistindo á manifestación convocada para o vindeiro venres 5 de decembro na cidade de Ourense.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións, e aclara que o relativo ao punto segundo do

acordo da moción sería extensible a cantas manifestación haxa ao respecto.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martinez Duran, di que votarán en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, comeza a súa intervención por resaltar a dobre vara de medir da Axencia Estatal Tributaria entre o trato que dan aos grandes defraudadores (con amnistías fiscais) e o dado aos pensionistas. O PSdeG-PSOE segurá a reclamar a devolución das sancións impostas, a fin da dobre imposición, e o recoñecemento das minusvalías. Valora positivamente o compromiso do Goberno á iniciativa parlamentaria aprobada por unanimidade para devolver o abonado polos pensionistas mais non que está teña que ter lugar a petición destes. A maiores afonda na necesidade de eximir de sancións e xuros de mora aos pensionistas que están a percibir, ademais da pensión do estranxeiro, unha contia por seguros privados que moitos países subscribían obrigatoriamente. Insiste na necesidade de acadar unha armonización fiscal de todos os países da Unión Europea para evitar agravios comparativos no pago de impostos, e o recoñecemento das minusvalías cun sistema único (neste sentido o PSOE ten presentado iniciativas no Parlamento Europeo), debendo existir un marco europeo que posibilite o establecemento de convenios entre os Estados membros.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns apoia a moción en tanto estes pensionistas en ningún intre ata o de agora foron informados de que debían declarar polas súas pensiós.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto, co engadido indicado a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), abstencións cero dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **8.5.- MOCIÓN DA FUNDACIÓN ALEXANDRE BÓVEDA.- (Rex. De entrada nº 5178 de 04/09/2014).-**

##### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O alcalde xustifica a urxencia no incumprimento do acordo plenario do 26/12/2006 polo Parlamento de Galicia respecto da rehabilitación pública e política da figura de Alexandre Bóveda Iglesias e institucionalización do 17 de agosto como “Día da Galiza Mártir”.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

*Sendo as 21:13 horas sae da sesión plenaria a concelleira Adelina Ces Quintáns.*

##### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

O alcalde lee a moción que parte do texto achegado pola Fundación Alexandre Bóveda:

<<EXPÓN

.... Que no exercicio do Dereito de Petición, recollido no Artigo 29 da Constitución Española e ampliado na Lei Orgánica 4/2011, do 12 de Novembro, formula a seguinte petición para o seu tratamento no Pleno do Concello de Rianxo.

Ao abeiro do disposto na lexislación vixente, instamos ao Concello:

1.- A emitir unha comunicación institucional de apoio á petición que formularemos ao Parlamento de Galiza sobre a rehabilitación pública e política da figura de Alexandre Bóveda Iglesias, e de institucionalización do 17 de Agosto domo “Día da

Galicia Mártir", para que o Parlamento de Galiza cumpra o seu acordo plenario do 26,12,2006 (nº 07/PNP-0165 (9078)) publicado no BOPG nº 301, do 03,03,2007.

2.- A que a Corporación, ben no seu conxunto, ben cada unha dos/as seus/súas membros individualmente, se adhiran á suscrición da petición formulada ao Parlamento de Galiza, que remitirmos como anexo.

3.- A habilitar un espazo no taboleiro de anuncios e/ou na páxina web da institución para que a cidadanía poida adherirse tamén á petición que formularemos ao Parlamento de Galiza, sea así o desexar.>>

*Sendo as 21:15 horas incorporase a sesión plenaria a concelleira Adelina Ces Quintáns.*

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martinez Duran, manifesta o voto en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que é de xustiza o recoñecemento a súa figura polas actividades desenvoltas en pro da defensa do noso país, e da súa traxectoria que é digna, non só de dedícarlle un día senón tamén levar a cabo actividades de difusión da súa loita e transcendencia.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que aparte da súa condición de nacionalista considera que calquera que sexa o sentir dunha persoa que vive a democracia debería apoiar esta reivindicación.

O alcalde engade que Castelao dicía de Boveda que era o seu irmán, así que este sería un xeito de consagrar unha vez mais ambas figuras do galeguismo.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto, co engadido indicado a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 8 votos a favor (5 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), e cero abstencións dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Chegado a este punto non se presenta ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:20 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:21 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**